

Tema 3 A península ibérica entre os séculos VIII e XI

Al-Ándalus

A conquista

1. Por que os musulmáns cruzaron o estreito de Xibraltar (جبل طارق - *Yabal Tāriq*, 'Monte de Tāriq')? Cando? Quen os dirixía? A quen derrotaron? (páxina 78)

Querían saquear o reino visigodo aproveitando que estaba nunha guerra civil entre os partidarios do rei Witiza e os partidarios de D. Rodrigo. Estes últimos son derrotados na batalla do río Guadalete no 711 por un exército composto por árabes e bérberes mandados por Tariq, lugartenente do gobernador Muza.



2. Como foi a conquista? A que foi debido? Que dúas derrotas puxeron límite á expansión musulmana? Quen os derrotou?

A conquista do reino visigodo foi rápida dada a superioridade militar, a división entre os visigodos e a colaboración de parte da poboación. A expansión musulmá quedou limitada polos terras montañosas do norte, na que grupos de cristiáns derrotaron aos musulmáns na batalla de Covadonga (722), e nos Pireneos pola derrota contra os francos na batalla de Piotiers (732).

3. Que nome lle puxeron ao territorio conquistado? Como o gobernaron?

Os musulmáns chamaron Al-Ándalus ao territorio controlado por eles na península ibérica. Inicialmente estas terras quedaron incorporadas ao Imperio islámico como emirato (ou provincia), que dependía de Damasco onde estaba o Califa, e cuxa capital foi establecida en Córdoba, gobernada por un emir.

A organización política

4. Que quere dicir que Al-Ándalus se convertera nun emirato independente? De que era independente e de que dependía? Quen o proclamou? Por que?

No 756, o príncipe omeia Abderramán, chegou á Península fuxindo da matanza abasí e proclamouse emir independente. Así converteu Al-Ándalus nun emirato independente, no político, de a nova capital do Imperio islámico Bagdad, pero dependente no relixioso dese Califa.

5. Que conflitos tivo que facer fronte o emirato independente?

Nesta época tivo que facer fronte á toma de Zamora polos cristiáns do norte, de Girona e Barcelona (Marca Hispánica) polos francos e a sublevación dos muladí.

6. Por que o Emirato mudou a Califato? De que xa non depende? Quen o fixo? Cando? Que outras medidas tomou? (páxina 79)

No 929, Abderramán III proclamouse Califa, polo que Al-Ándalus xa era independente no político e no relixioso, iniciándose o Califato de Córdoba. Este foi o período de

máximo esplendor político e cultural de Al-Ándalus. Córdoba converteuse na cidade máis importante de Occidente, por detrás de Constantinopla.

7. Quen era Almanzor? Que sucedeu tras a súa morte?

Almanzor foi un caudillo militar que realizou diversas operacións de castigo aos incipientes reinos cristiáns do norte para frear o seu avance (Barcelona, Santiago). Foi o derradeiro intento por manter a unidade do Califato, xa que, tras a súa morte no 1002, entrou nunha profunda crise.

8. Que pasou no 1031? Que é unha Taifa?

No 1031 o califato desintegrouse ao declararse independentes os gobernadores das diferentes provincias. Estes formaron reinos ou taifas que subsistiron ata 1086.

9. De quen se axudaron os emires e califas para gobernar? Sinala os máis importantes. (páxina 80)

Axudáronse de funcionarios, entre os que destacaron o *hachib*, que axudaba a gobernar, e un *visir*, que aconsellaba ao Emir ou Califa.

10. Como se administraba territorialmente Al-Ándalus?

O territorio foi dividido en provincias ou *coras* que as gobernaba un *valí*.

